

ANUNCIO

Xestión da cantina da piscina municipal 2023. Expediente 269/2023

Aprobouse pola Alcaldía o Prego de cláusulas para a adxudicación da xestión da cantina da piscina municipal para 2023, co importe do prezo ou canon ofertado como único criterio de adxudicación.

Mediante o presente expónse ó público ese Prego para que poidan presentarse proposicións no prazo de sete días naturais, segundo o indicado na cláusula 6ª.

PREGO DE CLÁUSULAS PARA A ADXUDICACIÓN DA XESTIÓN DA CANTINA DA PISCINA MUNICIPAL PARA 2023

1.- OBXECTO.

É obxecto do presente contrato a explotación da cantina da piscina municipal na Área recreativa do Carballo (As Somozas) e a instalación dos elementos necesarios para o correcto desenvolvemento do contrato (cociña, maquinaria, mobiliario, utensilios, vaixela e cantos elementos sexan necesarios).

Na xestión da cafetería-restaurante atópanse incluídos, entre outras as seguintes labores:

1. A dotación de medios materiais ás instalacións e dependencias destinadas a cafetería-restaurante, de maneira que se cumpra cos requisitos establecidos no presente prego e coas calidades e servizos requiridos por este Concello. Inclúese a necesaria adecuación dos locais e a posta a punto máis as legalizacións que sexan precisas.
2. A prestación e explotación do servizo de cafetería-restaurante de xeito continuado durante a temporada estival determinada polo Concello das Somozas.
3. A limpeza xeral do local.
4. A limpeza de todas as papeleiras e resto de refugallos ao final do día de toda a instalación non comprendida dentro do recinto no que se atopa o vaso da piscina, depositándoos nas illas verdes acondicionadas ao respecto. O non cumprimento desta obriga, suporá a contratación por parte do Concello dos servizos deixados de prestar, trasladando ao adxudicatario os gastos correspondentes.

2.- CONTRAPRESTACIÓN ECONÓMICA.

O prezo base de licitación (que se corresponderá co canon mínimo a satisfacer polo adxudicatario do contrato) fíxase, á alza, na cantidade de 500,00 euros, a engadir no seu caso o IVE, polo período total da xestión.

3.- EXISTENCIA DE CRÉDITO.

Este contrato non xera gastos para o Concello, non existindo crédito orzamentario afectado ao mesmo.

4.- PAGO.

O prezo será abonado nunha única entrega, dentro dos dez días seguintes á recepción da notificación da adxudicación do contrato. A falta de pago do prezo na data prevista constituirá motivo de resolución do contrato.

5.- PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO



O contrato terá unha duración desde o 26 de xuño ata o 30 de setembro de 2023, incluíndo como período de apertura mínimo obrigatorio desde o 26 de xuño ata o 17 de setembro, ámbolos dous incluídos.

Os horarios de apertura serán como mínimo entre as 12:00 e as 22:00 horas durante todo o período.

Concluída a vixencia do contrato, os técnicos designados polo Concello como encargados de inspeccionar, acreditar e informar do estado das instalacións, emitirán o correspondente informe. A totalidade das obras e instalacións, incluíndo as melloras introducidas no local de ser o caso, reverterán no Concello das Somozas, en perfecto estado de conservación e libres de calquera carga ou gravame, sen dereito a indemnización algunha por parte do adxudicatario e sen necesidade de requirimento previo. As obras e traballos de reparación ou reposición que deban efectuarse serán por conta do adxudicatario.

6.- PRESENTACIÓN DE OFERTAS.

6.1.- PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE OFERTAS.

As ofertas presentaranse no prazo de sete (7) días naturais desde a publicación da resolución de aprobación do prego na páxina web do Concello.

6.2.- LUGAR PARA A PRESENTACIÓN DE OFERTAS.

As ofertas presentaranse no Rexistro do Concello, preferentemente a través da sede electrónica municipal:

<https://assomozas.sedelectronica.gal>

6.3.- FORMA PARA A PRESENTACIÓN DE OFERTAS.

Para concorrer á licitación que se regula no presente prego, deberá presentarse nun único sobre pechado a seguinte documentación:

- Declaración responsable, que inclúa os aspectos recollidos no modelo que se xunta como ANEXO I, dos representantes da empresa ou persoa física licitante na que se declara o cumprimento dos requisitos de capacidade esixida para contratar coa Administración, así como referencia expresa de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. A efectos deste apartado, advírtese que:

- Respecto ao IAE, a alta e o recibo deben referirse a epígrafes relacionados co obxecto do contrato.
- Os suxeitos pasivos que estean exentos do IAE. deberán presentar declaración responsable indicando a causa de exención.
- A unión temporal de empresas deberá acreditar, unha vez formalizada a súa constitución, o alta no imposto.

- Os documentos acreditativos da personalidade, capacidade e solvencia esixidos neste Prego só serán esixidos ao contratista proposto como adxudicatario.

- Oferta económica, seguindo o modelo que se xunta como ANEXO II.

- Proposta de cadro de prezos, en cumprimento do indicado na cláusula 12 do presente prego, en formato libre.

Ningún licitador poderá presentar máis dunha proposición, nin subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión.

Non se admitirá a oferta que propoña un canon a abonar ao Concello inferior ao mínimo establecido no presente prego.

7.- CAUSAS DE REXEITAMENTO DAS PROPOSICIÓNS.

Na valoración das ofertas dos licitadores procederáse, mediante resolución motivada, á exclusión daquelas proposicións que incorran nalgunha das causas seguintes:

- 1.- Non superar o prezo mínimo de licitación previsto no contrato.
2. - Presentar discordancia na oferta económica entre a cifra expresada en letra e en número, salvo que sexa evidente que se trata dun mero erro de transcripción.
- 3.- Presentar máis dunha proposición ou subscribir proposta en unión temporal con outros empresarios se se fixo individualmente, ou figurar en máis dunha unión temporal.
- 4.- Presentar proposicións con variantes, ou presentar variantes diferentes das previstas.
- 5.- Presentar a oferta económica sen identificación do licitador que a presenta e sen a firma do seu representante legal, coa súa identificación na antefirma.
- 6.- Presentar a oferta fóra de prazo ou hora, en lugares diferentes aos indicados, ou non adiantar a comunicación da presentación da mesma nos termos indicados no prego.



7.- Realizar formulacións que supoñan un incumprimento manifesto das condicións do prego de cláusulas administrativas ou do de prescricións técnicas.

Sen prexuízo do anterior, solicitaranse aclaracións ás ofertas para poder achegar algún documento ou formato que por erro non se incluíu, pero que se deduza con claridade o seu contido do resto de documentación si achegada e que non engada ningún elemento novo susceptible de valoración. Igualmente solicitaranse aclaracións para precisar imprecisións ou erros materiais ou matemáticos nas ofertas cuxa corrección se deduza con claridade da documentación achegada na oferta.

8.- CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

O único criterio que será obxecto de valoración das ofertas presentadas no presente procedemento será o importe do canon ofertado.

Valorarase con 100 puntos a oferta que conteña un canon máis alto sobre o mínimo esixido, outorgando o resto de puntuación mediante a aplicación dunha regra proporcional directa.

9.- ADXUDICACIÓN EN CASO DE EMPATE.

De producirse empate, o desempate realizarase mediante sorteo ao que serán convidadas as persoas que presentaran as ofertas que presenten o mesmo importe.

10.- PROCEDEMENTO ADXUDICACIÓN

Unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas e recibidas todas as ofertas anunciadas, procederase á apertura dos sobres.

O órgano de contratación clasificará as ofertas admitidas por orde decrecente en función da puntuación obtida, requirindo á persoa que presentara a oferta clasificada en primeiro lugar a documentación seguinte:

A) Documentación acreditativa da personalidade xurídica do empresario.

A-1) Empresario individual: Fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o for: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acta fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia da tarxeta de Código de Identificación Fiscal (NIF) debidamente compulsada.

A-3) Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega). A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 14 TRLCSP).

A-5) Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: As persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga. Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou



indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e do TRLCSP)

A-7) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 55 do TRLCSP).

B) Documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social durante os 12 meses anteriores ao pago do canon da contratación. ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa tal acreditación.

Esta documentación será a que segue:

- Último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta no mesmo, cando sexa recente e non xurdira aínda a obriga de pago. A alta deberá achegarse, en todo caso, cando no recibo aportado non conste o epígrafe da actividade. Está documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que os faculte para o seu exercicio no respectivo ámbito territorial, debendo completarse con unha declaración responsable do licitador de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.
- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigas tributarias deste último.
- Certificación administrativa expedida polo órgano competente do Concello de As Somozas, polo que respecta ao cumprimento ás obrigas tributarias co mesmo, que se recabará de oficio polo Concello.
- Acreditar a disposición efectiva dos medios persoais e materiais que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución

Examinada a documentación presentada, de ser considerada correcta, procederase á adxudicación do contrato, sendo comunicada simultaneamente ao adxudicatario e ao resto de licitadores. De non considerarse correcta a documentación presentada, o órgano de contratación requirirá a presentación da documentación correspondente á oferta clasificada en segundo lugar, procedendo deste xeito sucesivamente para situacións análogas.

11.- OBRIGAS DA PERSOA CONTRATISTA.

A adxudicación do presente contrato xerará as seguintes obrigas para a persoa contratista:

1.- Será responsable dos accidentes, danos de calquera natureza e prexuízos que poida causar a terceiros ou ao Concello, como consecuencia da realización dos traballos obxecto do contrato.

2.- Será responsable da calidade dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros, das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato. A tales efectos, a persoa contratista quedará obrigada a indemnizar a terceiras persoas dos danos que lles ocasione o funcionamento do servizo obxecto deste contrato. Para os efectos de cubrir responsabilidades que puidesen derivarse de accidentes ou outros eventualidades acaecidas como consecuencia da prestación do servizo, o/a adxudicatario/a deberá subscribir unha póliza de seguro nas condicións que se estimen convenientes, cunha cantidade mínima de cobertura de 50.000,00 €. Unha vez adxudicado o contrato, no prazo máximo de dez (10) días, o adxudicatario deberá facer entrega no Concello de copia das pólizas subscritas e dos xustificantes de abono das primas.

3.- Deberá cumprir e facer cumprir durante a execución dos traballos a normativa sobre Seguridade e Saúde e de Prevención de Riscos Laborais. Así mesmo, o adxudicatario estará obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo. O incumprimento destas obrigas ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal designado polo adxudicatario, non implicará responsabilidade algunha para o Concello. O persoal contratado para a prestación do servizo non terá ningún tipo de relación laboral e/ou contractual co Concello de As Somozas, non adquiríndose ningún tipo de prerrogativa ou dereito como consecuencia de dita contratación.

4.- Quedará obrigada á explotación directa do servizo, cumprindo as disposicións legais e os horarios de apertura e peche que lle sexan aplicables, con suxeición ao disposto nos Pregos de Condicións reguladores do contrato e na súa oferta, en todo o que non se opoña a aqueles. Non será posible a cesión nin o subarrendo das instalacións. Para a explotación do bar a persoa adxudicataria deberá dispoñer de cantos medios materiais resulten necesarios para a execución do contrato, incluído enxoval, maquinaria, mobiliario, etc.

5.- Deberá manter en perfecto estado as instalacións adscritas ao contrato, con rigorosa observancia de todas as medidas hixiénico-sanitarias precisas, que deberán aplicarse, así mesmo, aos distintos enseres a utilizar, así como na manipulación de alimentos. Deberá así mesmo garantir que todo o persoal que estea contratado no bar dispoña do preceptivo carné de manipulador de alimentos.

6.- Deberá abonar a contraprestación na forma establecida no presente prego.



- 7.- Deberá someterse ás inspeccións que considere convenientes o Concello.
- 8.- Deberá solicitar autorización do Concello con carácter previo á realización de calquera obra nas instalacións, con excepción das normais para o mantemento e limpeza das mesmas.
- 9.- Unha vez finalizado o contrato, deberá deixar libres, expeditas e en perfecto estado as instalacións afectas ó servizo, a disposición do Concello, no prazo máximo dunha semana desde a data de peche, quedando en beneficio do Concello as melloras efectuadas que non sexan separables.
- 10.- Para os efectos do sinalado no parágrafo f) do artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, o Concello non será responsable das obrigas tributarias relativas a tributos que deban repercutirse ou cantidades que deban reterse a traballadores, profesionais ou outros empresarios, na parte que corresponda aos traballos obxecto desta contratación. A tales efectos, o contratista deberá facer entrega no Concello de certificado específico de atoparse ao corrente das súas obrigacións tributarias emitido a estes efectos pola Administración tributaria durante os 12 meses anteriores ao pago do canon da contratación.
- 11.- Estará prohibida a venda de bebidas alcohólicas e tabaco a persoas menores de idade.
- 12.- A carta de produtos ofertados redactarase en galego, e deberá estar colocada en lugares visibles a disposición do público.
- 13.- A empresa adxudicataria deberá ter un libro ou documentos de reclamacións a disposición do público e estará obrigado a contestalas e a enviar unha copia de cada reclamación e da respectiva resposta ó Concello.
- 14.- Deberá figurar o horario de apertura ao público exposto para o coñecemento xeral das persoas usuarias.
- 15.- Deberá executar a prestación do servizo co máximo respecto a cantas persoas o utilicen e con educación.
- 16.- Deberá sinalar un enderezo a efecto de notificacións e comunicacións e un teléfono de contacto, onde se practicarán as mesmas.
- 17.- A persoa adxudicataria deberá entregar e manter actualizado unha listaxe dos seus empregados, coa finalidade de que o Concello informe os encargados do control de accesos da piscina municipal.

12.- DEREITOS DA PERSOA CONTRATISTA.

A persoa contratista terá dereito a:

- 1.- O uso e aproveitamento das instalacións obxecto do contrato para o exercicio da actividade.
- 2.- Percibir das persoas usuarias os prezos derivados das prestacións realizadas, que serán propostos pola persoa adxudicataria na súa oferta.

13.- RISCO E VENTURA.

O contrato enténdese convido a risco e ventura do contratista, sen que por este se poida solicitar alteración do prezo ou indemnización, salvo por algunha das causas previstas na lexislación vixente. O Concello non se fai responsable da falta de pago do concesionario/a ou concesionarios/ as aos seus provedores, nin das deterioracións, roubos ou furtos que se puidesen cometer na cantina, almacéns ou máquinas expendedoras instaladas pola persoa contratista adxudicataria do contrato.

14.- GASTOS.

O contratista adxudicatario está obrigado a solicitar a concesión das autorizacións ou licenzas que foran necesarias dos órganos competentes da Administración pública e serán da súa conta os tributos ou gastos correspondentes.

15.- PRERROGATIVAS DO CONCELLO.

O Órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, e acordar a súa resolución, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados legalmente. Así mesmo, serán facultades do Concello, ademais das que se derivan deste Prego, as que poidan derivarse da lexislación aplicable.

16.- DIRECCIÓN E INSPECCIÓN.

A persoa contratista deberá someterse ás inspeccións que determine o Concello.

17.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

O contrato executarase con suxeición ás cláusulas do mesmo e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dea o Concello.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizase a totalidade do seu obxecto, de acordo cos termos do mesmo e a satisfacción do Concello.



O órgano de contratación determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento, requirindo, no seu caso, a realización das prestacións contratadas e a corrección dos defectos observados con ocasión da súa recepción.

18.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán causas de resolución do presente contrato, ademais das establecidas polo artigo 211 e demais aplicables da LCSP, as seguintes:

1. O trato incorrecto ao público considerado como falta moi grave segundo a cláusula 19 deste prego.
2. O desenvolvemento de actividades delituosas na instalación ou apoiadas na mesma.
3. Deficiente estado de conservación das instalacións e dos seus elementos integradores.
4. Deficiente calidade dos produtos e das súas condicións hixiénico-sanitarias
5. Incumprimento xeneralizado dos horarios mínimos de apertura e permanecer o local pechado en dous días continuados ou cinco alternos ao longo da tempada de apertura, salvo por causa de forza maior comunicada por escrito ao Concello previamente.

19.- RÉXIME SANCIONADOR.

Son faltas castigábeis e obxecto de sanción as seguintes, ademais das contempladas pola LCSP, as seguintes:

1. Consideraranse faltas leves as derivadas do defectuoso ou negligente cumprimento por parte da empresa adxudicataria das obrigas do presente contrato.
2. Considéranse faltas graves as derivadas do contravimento voluntario ou doloso do seguinte:
 - Reincidencia en faltas leves sancionadas anteriormente.
 - Actuación profesional deficiente ou contraria á práctica profesional, tanto polo que se refire á xestión do servizo en xeral, como ao respecto da atención ao público.
1. Considéranse faltas moi graves a reincidencia en faltas graves cometidas anteriormente.

O réxime de sancións é o seguinte:

1. As faltas leves poderán ser sancionadas con multas de até 150,00 €.
2. As faltas graves poderán ser sancionadas coa imposición de sancións económicas até 1.000,00 €.
3. As faltas moi graves sancionaranse coa intervención do servizo.

20.- DEREITO SUPLETORIO.

En todo o non establecido neste Prego de Condicións, estarase ao disposto na Lei 09/2017 de contrato do Sector Público e no R.D. 1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, coas respectivas modificacións, en todo o que non se opoña á LCSP. Suplementariamente será aplicable a Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de Abril e, as demais disposicións vixentes en materia administrativa.

21.- XURISDICIÓN COMPETENTE.

Para coñecer de cantas cuestións puidesen xurdir como consecuencia da execución do contrato será competentes a xurisdición contencioso-administrativa, así como a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a cuxa xurisdición queda expresamente suxeito o adxudicatario, con renuncia a calquera outro foro.



ANEXO I - DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS DE CAPACIDADE

D./D.^a _____ NIF _____, en nome propio ou en representación da empresa _____, en calidade de _____, ao obxecto de participar no procedemento tramitado polo Concello das Somozas para a **contratación do contrato administrativo especial para a xestión da cantina da piscina durante o período de apertura desa instalación municipal para o 2023**, declara baixo a súa persoal responsabilidade:

I.- Que a empresa á que representa cumpre cos requisitos de capacidade.

II.- Que se compromete a executar o contrato conforme ao establecido nos pregos que rexen a presente contratación.

III.- Que a citada sociedade, os seus administradores e representantes legais, así como a persoa asinante, non se atopan comprendidas nas circunstancias indicadas no artigo 71 da Lei 09/2017 de Contratos do Sector Público.

IV.- Que a citada entidade se acha ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, co alcance establecido polos artigos 13 e 14 do RGLCSP, e non ten débedas en período executivo co Concello das Somozas.

V.- Que a citada entidade se atopa dada de alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato e que a faculta para o seu exercicio no ámbito territorial que corresponda e así mesmo, que se atopa ao corrente no pago do devandito imposto.

Ou: Que a entidade está exenta do Imposto de Actividades Económicas pola causa seguinte: _____

VII.- Que a citada empresa declara: (marcar o que proceda).

- Non pertencer a un grupo nin concorrer en ningún dos supostos establecidos no artigo 42.1 do Código de Comercio, para os efectos previstos no disposto no artigo 86 do RGLCSP.
- Pertencer ao seguinte grupo empresarial _____ integrado polas seguintes empresas:

E destas empresas do grupo:

- Ningunha presenta proposición no presente procedemento.
- Presentan proposición, as seguintes: - - -

VIII.- Que, para o caso de que se produza a clasificación da oferta presentada pola persoa/entidade que represento como a de maior puntuación, se comprometo a acreditar ante o órgano de contratación, no prazo legalmente previsto, todo o referido nos puntos anteriores, conforme o esixido en prego reitor da contratación e que toda esa documentación terá data ou do mesmo día ou de data anterior á do fin de prazo de presentación das ofertas.

IX.- Que a efectos de recepción de todas as notificacións relativas á tramitación do presente procedemento de contratación, facilito, como enderezo electrónico habilitado o seguinte:

_____@_____

E para que así conste, tal e como establece o prego que rexe o procedemento, e para os efectos de ser admitido no procedemento tramitado para o efecto, emite a presente declaración en _____, a ____ de _____ de 2023 .

Selo e sinatura da persoa autorizada.



ANEXO II - MODELO PARA A PRESENTACIÓN DA OFERTA ECONÓMICA PARA O CANON DE EXPLOTACIÓN.

D./D.^a _____ con documento de identidade número _____, en nome propio ou en representación da empresa _____, con NIF _____ domicilio en _____, tfno _____, solicita a súa admisión ao procedemento para a contratación do **contrato administrativo especial para a xestión da cantina da piscina durante o período de apertura dese servizo municipal para o 2023**, facendo constar que:

a) Se compromete a prestar o servizo de xestión da cantina da piscina municipal e ofrece nese caso a abonar ao Concello de As Somozas a cantidade de _____ euros (expresarase a cantidade en letra e número).

b) Acepta plenamente os Pregos reguladores deste contrato e as obrigas que dos mesmos se poidan derivar, comprometéndose ao acondicionamento das instalacións en tempo e forma, así como das obrigas que deriven como adxudicatario se o fora.

En _____, a ____ de _____ de 2023

Asdo. _____

Selo da empresa e firma autorizada.”

As Somozas, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde,

Juan Alonso Tembrás.

